






BASES DO CONCURSO



Primeira.- A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos convoca o concurso do xoves de compadres que se realizará dentro do programa de actividades do Entroido monfortino o día 21 de febreiro de 2019.

Segunda.- As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte dende o día seguinte á súa publicación na páxina web do concello, sendo o derradeiro día de inscrición o 20 de febreiro ás 14:00 h. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso.

Terceira.- No concurso do xoves de compadres haberá tres convocatorias:

-  *Centros de ensino*
-  *Parroquias, barrios e rúas do Concello*
-  *Individuais Praza de España*

Tanto nas convocatorias de centros de ensino como nas de parroquias, barrios e rúas do Concello establécense dúas modalidades por número de monecos presentados:


- 1. Colectivo - máis de dous monecos*
- 2. Individual*

Cuarta.- Na convocatoria de -centros de ensino e individuais, todos os compadres inscritos concentraranse na Praza de España ás 17:30 horas, sendo a lectura dos premios e a queima dos monecos despois da decisión do xurado.

Na convocatoria de -parroquias, barrios e rúas do Concello, os compadres inscritos colocaranse nos lugares elixidos polos participantes dende a primeira hora da mañá. O xurado visitaraos ata as cinco da tarde e lerá o resultado ao mesmo tempo que o da convocatoria de centros de ensino e individuais.

A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate da concentración e antes da queima dos monecos.

Quinta.- Haberá un primeiro premio, un segundo premio e un máximo de tres accésits por modalidade. O xurado poderá conceder dous primeiros ou dous segundos premios, sempre que a suma total dos premios concedidos no concurso do xoves de compadres non supere os 1.200,00 €, que se aplicarán con cargo a partida 334.480.05, sen prexuízo de que o importe dos premios sexa inferior.



***Oitava.** - A inscrición no concurso do xoves de compadres implica a autorización de todos os participantes inscritos na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade. Documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.*

***Novena.** - A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.*

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso - Administrativo de Lugo.

***Décima.** - No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*